



Unidade de orixe:	Servizo de Arquitectura
Asunto:	Informe de criterios suxeitos a xuízo de valor 2023/CON_02/000031
Destinatario:	Servizo de Contratación


En cumprimento do Convenio asinado entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pobra de Brollón o 28 de xuño de 2018, aprobado pola Xunta de Goberno Provincial o 2 de marzo, a primeira e a segunda addenda de modificación aprobadas pola Xunta de Goberno de datas 1 de febreiro de 2019 e 9 de outubro de 2020, a terceira addenda aprobada polo Pleno en data 28 de decembro de 2021, e a ultima addenda aprobada polo pleno o 28 de marzo de 2023, o Servizo de Arquitectura redactou o proxecto básico e de execución para a “Construción dun centro de atención a maiores no Concello de Pobra de Brollón”. (Expediente 2023/CON\_02/000031)

O 21 de abril de 2023 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de aprobar o procedemento de licitación, o proxecto e a contratación da obra denominada “Pobra de Brollon – Centro de Atención a Maiores).

O 21 de abril de 2023 as 14:12 horas publicouse o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Publico, por procedemento aberto e tramitación ordinaria do proxecto citado por un importe sen impostos de 2.248.056,15 EUR, aos que lle habería que engadir o 10% en concepto de IVE que supoñía un incremento de 224.805,62 euros, facendo un total de 2.472.861,77 euros.

O prazo de presentación de ofertas remataba ás 23.59 horas do día 18/05/2023 e presentáronse as seguintes empresas (cinco en total):

	IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY	Fecha y Hora	20/07/2023 13:18:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MÓNICA MARRAS MOSQUERA		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY</a>	Página	1/7





- 1) Construcciones Alea SL
- 2) Obras e Servicios Gómez Crespo SL
- 3) Ogmios Proyecto SL
- 4) Oreco Balgon SA
- 5) Proyecon Galicia SL


O 19 de maio de 2023, celebrouse sesión da Mesa de Contratación que deu conta das empresas presentadas, e procedeu a apertura e cualificación da documentación administrativa e procedeu a apertura do arquivo oferta técnica. A Mesa de Contratación acordou remitir a documentación comprendida no arquivo oferta técnica para que sexan revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no indicado PCAP.

Para proceder a valoración desta documentación atenderase o previsto no apartado M do cadro resumo do Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o contrato (PCAP) no que se recolle, asignándolle unha puntuación máxima de 25 puntos, como criterio cualitativo, cuantificable mediante xuízo de valor a presentación dunha memoria técnica nas condicións que se transcriben a continuación:

O licitador presentará unha memoria técnica relativa ao proceso de posta en marcha da obra, da súa execución e entrega, na que deberá incluír todos os aspectos que considere relevantes para o desenvolvemento da mesma. A memoria incluírá un Plan de obra no que se recollan os seguintes aspectos:

- Actuacións previstas para a mellor organización da obra (ata 6 puntos), tomando en consideración a claridade e concreción da exposición en canto comprensión da solución técnica do proxecto.
- Medios materiais atribuíbles á execución da obra (ata 6 puntos), tomando en consideración a adecuación dos mesmos ao obxecto da obra e a súa concreción no proceso de execución.

	IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY	<b>Fecha y Hora</b>	20/07/2023 13:18:50
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MÓNICA MARRAS MOSQUERA		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY</a>	<b>Página</b>	2/7





- Medios medioambientais propostos (ata 6 puntos), tomando en consideración a adecuación dos mesmos ao obxecto da obra e as súa concreción no proceso de execución e respecto o medio ambiente como valor engadido.
- Medios para facilitar o seguimento continuado da obra a distancia e dende calquera dispositivo, mediante un sistema de instalación de cámaras IP (ata 7 puntos). Para a valoración da proposta terase en conta:
  - O número de cámaras que se propoña instalar tanto exteriores (que serán colocadas e postas en funcionamento dende o inicio da obra, ata un máximo de cinco, unha das cales estará na grúa) como interiores ( ata u máximo de seis, que se colocarán cando si inicien os cerramentos e particións e ir modificando a súa colocación co desenrolo dos traballos.
  - A calidade do vídeo e o campo de visión
  - Disponibilidade de gravacións diarias durante a xornada laboral.

A memoria non poderá exceder das 10 follas, polas dúas caras (20 páxinas), DIN A4, letra calibre 10. Non serán tidas en conta aquelas páxinas que excedan de dito número máximo.

A memoria técnica abranguerá como mínimo os aspectos anteriores, acompañados no seu caso, se o considera oportuno (fora do límite das follas establecido no parágrafo anterior), dos documentos necesarios que permitan a súa avaliación.

Se o licitador non achegase a memoria, ou esta non se correspondera coa obra licitada, ou calquera outra circunstancia que non permitira a súa valoración, seralle outorgado 0 puntos nesta apartado.

Unha vez estudada a documentación entregada por cada unha das cinco empresas, proponse a seguinte puntuación para cada una delas, en cada un dos apartados sinalados no PCAP.

	IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY	Fecha y Hora	20/07/2023 13:18:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MÓNICA MARRAS MOSQUERA			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY</a>	Página	3/7	




	Actuacións previstas para a mellor organización da obra (ata 6 puntos)	Medios materiais atribuíbles á execución da obra (ata 6 puntos)	Medios medioambientais propostos (ata 6 puntos)	Medios para facilitar o seguimento continuado da obra, mediante un sistema de instalación de cámaras IP (ata 7 puntos)
Construcciones Alea SL	6 puntos	2 puntos	6 puntos	5 puntos
Obras e Servicios Gómez Crespo SL	5 puntos	4 puntos	6 puntos	5 puntos
Ogmios Proyecto SL	2 puntos	2 puntos	2 puntos	5,5 puntos
Oreco Balgon SA	2 puntos	4 puntos	6 puntos	4 puntos
Proyecon Galicia SL	5 puntos	4 puntos	4 puntos	3 puntos

O apartado 1 valora a descrición das actuacións previstas para a mellor organización da obra que se puntuará consonte as observacións que se recollen no cadro anexo que se achega no que se tomaron apuntamentos durante o estudo de cada unha das memorias presentadas polos licitadores. Puntuase con seis puntos a oferta que se considera máis extensa e completa, puntuando proporcionalmente o resto das ofertas.

Con respecto ao apartado “2. - Medios materiais atribuíbles á execución da obra”, tanto “Construcciones Alea SL”, como “Ogmios Proyecto SL” presentan información en cadros que non resultan lexibles, sendo a información facilitada polas outras tres ofertas comparativamente equivalente e bastante xenérica.

Con respecto ao apartado “3 – Medios ambientais propostos” todas as empresas tratan este tema con bastante amplitude, ofertando unha ampla lista de medidas correctoras para os posibles impactos que se adoitan producir durante a execución de obras no tipo de contorno no que se situará o Centro de atención a maiores de Pobra de Brollon, aínda que a maior parte da información

	IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY	Fecha y Hora	20/07/2023 13:18:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MÓNICA MARRAS MOSQUERA		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY</a>	Página	4/7



neste apartado da empresa Ogmios Proyecto SL é ilexible (identificación de impactos e cadro de medidas correctoras)

“Construcciones Alea SL”, “Obras e Servicios Gómez Crespo S.L.” e “Oreco Balgon SA”, implantarán un sistema de xestión ambiental baseados nas directrices especificadas pola UNE EN ISO 14001:2015 de Sistemas de Gestión Ambiental na que declaran estar certificados.

Con respecto ao apartado “4 - Medios para facilitar o seguimento continuado da obra a distancia e dende calquera dispositivo, mediante un sistema de instalación de cámaras IP (ata 7 puntos)” indicar que todos os licitadores propoñen a instalación de catro cámaras exteriores e unha cámara exterior adicional no guindastre, excepto “Proyecon Galicia SL” que non poderá cumprir con este compromiso ata o terceiro mes da obra, data na que instalará o guindastre torre.


Do mesmo xeito todos os licitadores propoñen a instalación de seis cámaras interiores.

En canto a resolución indicar que “Construcciones Alea SL” e “Ogmios Proyecto SL” propoñen cámaras, tanto exteriores coma interiores, con resolución 4K; “Obras e Servicios Gómez Crespo S.L.” propón cámaras exteriores 4k e interiores SFHD de 5 MP con zoom, e seguimento; Proyecon Galicia S.A, propón cámaras interiores con resolución HD. 340° e 1,3 MP e “Oreco Balgon SA” non fai referencia explícita a resolución de cámaras interiores e exteriores.

No referente ao visionado de imaxes en directo, “Construcciones Alea SL” oferta o acceso a imaxes a través de web, dispositivos móbiles e gafas RV; a proposta de “Obras e Servicios Gómez Crespo S.L.” permitirá o acceso en directo as imaxes vía web, accedendo a un servidor; o sistema proposta por “Ogmios Proyecto SL” permite o acceso en directo as imaxes pero so da cámara situada na grúa a través dunha APP; a instalación ofertada por “Oreco Balgon SA” permite o acceso en directo as imaxes e as gravacións diariamente e por ultimo “Proyecon Galicia S.A”, non o especifica claramente pero parece que a súa instalación permitirá o acceso as imaxes en directo vía web.

Con respecto as gravacións, “Proyecon Galicia S.A” oferta o acceso diario vía web, “Oreco Balgon SA” fará unha entrega mensual e un vídeo final; “Ogmios Proyecto SL” oferta unha entrega semanal e a posibilidade de descargar as gravacións dende un servidor; “Obras e Servicios Gómez

	IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY	<b>Fecha y Hora</b>	20/07/2023 13:18:50
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MÓNICA MARRAS MOSQUERA		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY</a>	<b>Página</b>	5/7



Crespo S.L.” ofrece o acceso as gravacións na nube e descarga ilimitada destas e por último “Construcciones Alea SL” non fai referencia expresa a este apartado.

Por último, e no subapartado de prestacións adicionais do sistema de seguimento por vídeo en tempo real, “Construcciones Alea SL” oferta a entrega dun Time-lapse unha vez finalizada a obra; o sistema ofertado por “Ogmios Proyecto SL” permite a exportación de imaxes a BIM e “Oreco Balgon SA” propón a toma de imaxes aéreas con dron, time-lapse con cámaras reflex 4MP e a edición dun vídeo final profesional.


Considérase a proposta presentada por “Ogmios Proyecto SL” como a máis completa en conxunto e valórase con 5,5 puntos. O resto das ofertas puntuáse en proporción a esta, á vista das prestacións ofertadas.

O cadro resumo coas puntuacións asignadas a cada licitador no apartado de criterios cualitativos, cuantificables mediante xuízo de valor, para a “Construción dun centro de atención a maiores no Concello de Pobra de Brollón”, (Expediente 2023/CON\_02/000031) insírese a continuación:

	PUNTUACION (MEMORIA)
Construcciones Alea SL	19 puntos
Obras e Servicios Gómez Crespo SL	20 puntos
Ogmios Proyecto SL	11,5 puntos
Oreco Balgon SA	16 puntos
Proyecon Galicia SL	16 puntos

Asdo. Dixitalmente, Mónica Marras Mosquera

	IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY	<b>Fecha y Hora</b>	20/07/2023 13:18:50
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MÓNICA MARRAS MOSQUERA		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY</a>	<b>Página</b>	6/7





Xefa do Servizo de Arquitectura

	IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY	<b>Fecha y Hora</b>	20/07/2023 13:18:50
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MÓNICA MARRAS MOSQUERA		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OHTLS3IW53LJKCVPTA7UDY</a>	<b>Página</b>	7/7

